

**ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA
AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2018**

FEADER 2018-Medida 10.2.2

INFORME DE RESULTADOS

RRFF 2018 12/15/011/280318/008. Recuperación da variedade de pemento de Padrón” financiado coa submedida M10.22 de Conservación de recursos xenéticos na agricultura/cultivos-castes autóctonas

Investigador responsable: Manuel Riveiro Leira

ANTECEDENTES

Actualmente existe un estancamento na produción do pemento de Padrón en Galicia, a produción do pasado 2017 comercializada en Merca Madrid sufriu una contracción do 48% con respecto ao do 2015 (Merca Madrid, 2018). As causas principais desta situación son falta de competitividade e uniformidade do produto. A pesar da orixe galega do Pemento de Padrón, actualmente a produción deste pemento en Galicia non chega nin a 1% da produción nacional (Merca Madrid, 2018).

Nos últimos tempos, detectouse unha maior incidencia de froitos con manchas negras debido a antocianina, un pigmento natural producido pola mesma planta, que provoca o rexeitamento para seren comercializados dos froitos afectados. Este fenómeno ten afectado de tal forma a algunhas explotacións, que tiveron que abandonar o cultivo a mediados do ciclo, porque a maioría dos froitos recollidos era rexeitados polo problema de pigmentación antes mencionado.

Afortunadamente, no Banco de Xermoplasma do CIAM existe una colección de liñas de Padrón que poden ser utilizado para recuperar un pemento de Padrón con baixa incidencia das manchas por antocianinas.

MATERIAL E MÉTODOS

O plan de mellora para a obtención de Pemento de Padrón con baixo niveles de antocianina, se baseará nunha selección de plantas con froitos non pigmentados.

No ano 2018, se partiu de dezanove liñas co fin de facer un plan de mellora que mantivese a maior variabilidades posible. As liñas utilizadas foron: PP-002, PP-005, PP-006, PP-007, PP-008, PP-009, PP-010, PP-011, PP-012, PP-013, PP-014, PP-016, PP-019, PP-020, PA-124, PA-129, PA-145, PA-158 e PA-172.

Como se ten descrito unha maior incidencia de pigmentación nos froitos en plantas sometidas a estrés. A plantación se fixo nun invernadoiro e as plantas da mesma liña foron plantadas en gaiolas cubertas cunha manta térmica para favorecer unha maior temperatura ademais de illalas dos polinizadores (para evitar hibridación entre liñas).

OBXECTIVOS

- Obter plantas cunha baixa pigmentación de antocianinas co fin de que toda a produción obtida sexa comercializable.



Imaxe: Gaiolas feitas con manta térmica.

RESULTADOS

Das 19 liñas plantadas ningunha planta presentou ausencia de antocianina en tódolos os seus froitos, polo que se procedeu a recollida dos froitos que individualmente presentaban ausencia de antocianinas, cara o inicio de un plan de mellora dun pemento de Padrón sen pigmentación anómala.

O investigador,

Manuel Riveiro Leira